



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA MARTES 22 DE AGOSTO DE 2023.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e no Decreto deste Alcalde número 419/2019, do 18 de xuño,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: martes 22 de agosto de 2023.
- ➔ Hora: 09:00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 8 DE AGOSTO DE 2023.
2. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA OBRA "REHABILITACIÓN DO FIRME DE POUSADA A RUMILLE", INCLUÍDA NO POS+ ADICIONAL 2/2022 1ª FASE, POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXPTE. NÚM. 02/2023-OB-PAS.
3. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA A ATEGAL. FINANCIAMENTO AULAS 3ª IDADE CURSO 2022/2023. 2022/A004/000020
4. CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DO CONTRATO DA OBRA "ACCESO A TARRÍO (CRUCES)" POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXPTE. 27/2022-OB-PASA, INCLUÍDO NO POS+ 2019.
5. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM.1 "PAVIMENTACION EN CAMBELAS E OUTRO", POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXPTE. NÚM. 26/2022-OB-PASA, INCLUÍDA NO POS+ 2019, PAI.
6. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1- CONTRATO DA OBRA "PAVIMENTACIÓN CAMIÑO DO COUTO A ARRETÉN (PADRÓN)" POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, EXPTE. 07/2022-OB-PASA. INCLUÍDO NO POS+ 2021.
7. COMPLEMENTO SALARIAL A DONA Mª DOLORES MIGUÉNS ANGUEIRA POR OCUPAR ACCIDENTALMENTE O POSTO DE TESOUREIRA.
8. COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE FUNCIONARIA DA CORPORACIÓN DONA MARÍA DOLORES VÁZQUEZ GONZÁLEZ POR REALIZAR FUNCIÓNS DE INTERVENCIÓN NA AUSENCIA DO TÉCNICO QUE VEN DESEMPEÑANDO DITA PRAZA
9. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS
10. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS REPARADOS SUSPENSIVAMENTE POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL
11. ORDENACIÓN DE PAGOS Nº 16/2023
12. ASISTENCIAS DOS CORPORATIVOS AS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN CELEBRADAS DURANTE OS MESES DE DECEMBRO DE 2022 A XUÑO DE 2023

13. GRATIFICACIÓN MACEIROS POLA CELEBRACIÓN DO DÍA DE PADRÓN EN SANTIAGO CON MOTIVO DA FESTIVIDADE DO APÓSTOLO

14. APROBACIÓN DA INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DE LOCOMOCIÓN NO MES DE XULLO DE 2023 DA DIRECTORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO DONA ANA ACOSTA RODRÍGUEZ

15. APROBACIÓN DA INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DE LOCOMOCIÓN NO MES DE XULLO DE 2023 DA TITORA DO OBRADOIRO DE EMPREGO DONA LETICIA VÁZQUEZ VIGO

16. APROBACIÓN DA INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DE LOCOMOCIÓN NO MES DE XULLO DE 2023 DA DOCENTE DE ATENCIÓN SOCIO SANITARIA DO OBRADOIRO DE EMPREGO DONA OLIVA LEMA MARTÍNEZ

17. ROGOS E PREGUNTAS

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca